

EXPTE.:2018/C004/000012

ACTA DE RESULTADO DO EXAME DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS DE ACORDO COA DOCUMENTACIÓN APORTADA POLOS LICITADORES NO SOBRE B) DE “CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS” E APERTURA DO SOBRE C) DE “CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA AUTOMÁTICA”, DAS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA DA OFICINA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA.

Tipo de licitación: 26.000 €/ano, Ive incluído.

No Salón de Sesiões do Concello de Mugar dos, sendo as doce horas e dous minutos do día seis de febreiro do ano dous mil dezanove, constituíuse a Mesa de Contratación baixo a presidencia da sra. Alcaldesa, Dna. Maria Pilar Diaz Otero, coa asistencia dos/as vogais D. Rafael Bermúdez Iglesias, secretario da corporación, Dna. Ana María Gómez Peña, interventora municipal, e Dna. Carmen Piñeiro Lemos, arquitecta técnica municipal e a funcionaria Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en calidade de secretaria da mesa de contratación, e, como asistente da secretaria o técnico de administración xeral, D. David Beceiro Rivas, para proceder á realización dos actos epigrafiados e para o que se ten insertado anuncio no perfil do contratante, integrado na plataforma de contratación do sector público, de acordo co disposto na Cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

Faise constar que non asiste ao acto, como público, representante algún dos licitadores admitidos á licitación.

1.- Acto de valoración sobre B de “criterios non avaliados de forma automática mediante fórmulas”:

Aberto o acto público pola presidencia, dáse conta do informe emitido en data 06.02.2019 pola arquitecta municipal, Dna. Olga Fra Gálvez, sobre a valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas, establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, que se xunta á presente acta, e cuxo resumo é o seguinte:

Licitador	Experiencia profesional en posto similar	Formación académica relacionada co obxecto do contrato	Total
ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA NIF. 32839521Y	30,80*		15**

*Supera a puntuación máxima posible no punto 12.1 do Prego.

**Puntuación máxima posible no punto 12.1 do Prego.

2.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159):

Procédese á apertura do sobre C do licitador presentado:

NIF: 32839521Y ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA

De seguido a Mesa de Contratación, á vista do anteriormente exposto, e de acordo ao disposto no prego de condicións que rexe a contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Admitir a proposición presentada, na Plataforma de Contratación do Sector Público, dentro do prazo de licitación, transcorrido do 12.01.2019 ao 28.01.2019, establecido na cláusula 11 do prego de condicións que rexe a contratación, polo licitador anteriormente relacionado, co seguinte resultado:

1.- ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA

1-Que ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen I.V.E.: 19.430,00 €.

B) I.V.E.: 4.080,30 €.

C) Total (A + B): 23.510,30 €

2-Que ofrece o seguinte número de horas a maiores esixidas no prego de condicións que rexe a convocatoria:

- Número de horas: 60 horas

3.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

Una vez emitido informe pola intervención municipal correspondente á valoración das ofertas mediante a aplicación da fórmula elaborada ao efecto pola Facultade de Matemáticas -e que figura no programa da Deputación Provincial para a valoración de ofertas das obras incluídas nos Plans Provinciais- obrante no expediente, dase conta da puntuación obtida polo licitador, tal e como se relaciona de seguido:

Licitador	Oferta económica (IVE incluído)	Número de horas	Total puntuación
ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA NIF. 32839521Y	23.510,30 €	60	11,71

Á vista do cal, resulta a seguinte puntuación total:

Licitador	Criterios non avaliados de forma automática mediante fórmulas	Criterios avaliados mediante fórmulas	Total puntuación
ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA NIF. 32839521Y	15	11,71	26,71

3.- Proposta de adxudicación.

De acordo á avaliación da proposta presentadas polo licitador, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Propoñer a adxudicación a favor do licitador D. ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA, con DNI 32839521Y, por ser o candidato coa mellor puntuación, no prezo e condicións que figuran a continuación:

1- Prezo:

A) Prezo sen I.V.E.: 19.430,00 €.

B) I.V.E.: 4.080,30 €

C) Total (A + B): 23.510,30 €

2- Horas de servizo a a maiores das mínimas esixidas no Prego de Prescricións Técnicas que rexe a contratación:

Número de horas: 60 horas

2º.- Requerir a D. ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA para que no prazo de sete días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibira o requerimento, presente a seguinte documentación:

a) O xustificante de solicitude de inscrición no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia de data anterior a de finalización de presentación de ofertas, así como a documentación requirida na cláusula 17.1.1, 17.2, 17.3, 17.7 e 17.9 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación (por non constar os citados datos no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP)).

b) Constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor añadido, isto é 2.914,50 euros, por calquera de los medios a que se refire o art. 107 LCSP. (deberá aportar tamén o original en papel)

3º.- Elevar a presente acta ao órgano de contratación para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, levántase o mesmo pola sra. Alcaldesa ás catorce horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, de todo o cal, eu, como secretaria da Mesa, dou fe.